

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ZAS

Anuncio de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local

ANUNCIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Tras a constitución da nova Corporación municipal o día 15 de xuño de 2019, con motivo das últimas eleccións municipais celebradas o día 26 de maio, faise público:

Primeiro.—Que o Pleno en sesión extraordinaria de 26 de xuño acordou a creación da Xunta de Goberno Local.

Segundo.—Que mediante decreto 245 de 20/06/2019 se nomeou os membros da Xunta de Goberno Local transcribíndose, a continuación, a parte dispositiva da dita resolución:

“**Primeiro.**—Nomear como membros vocais da Xunta de Goberno Local, no caso de que esta se constitua, aos seguintes concelleiros: Óscar Lema Romero, Natalia Espasandín Pazos e José Manuel Brenlla Castiñeira.

Por tanto a composición é a seguinte:

Presidente: Manuel Muíño Espasandín

Vocais: Óscar Lema Romero

Natalia Espasandín Pazos

José Manuel Brenlla Castiñeira

Segundo.—Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

Terceiro.—Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte a firma da resolución pola alcaldía.

Cuarto.—Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF.”

En Zas, a 26 de xuño de 2019.

O alcalde

Manuel Muíño Espasandín

2019/5252

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ZAS

Anuncio de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

ANUNCIO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Tras a constitución da nova Corporación municipal o día 15 de xuño de 2019, con motivo das últimas eleccións municipais celebradas o día 26 de maio, faise público o decreto 246/2019 do 20/06/2019:

En uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos arts. 61 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1.986, do 28 de novembro, resolvo:

PRIMEIRO.–Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me asigna como delegables a lexislación vixente:

- a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases para as probas de selección do persoal funcionario e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- b) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- c) Adopción dos acordos que procedan en relación coas solicitudes presentadas polos cidadáns, entidades públicas ou privadas relativas a servizos ou actividades municipais, salvo que as ordenanzas ou as leis sectoriais atribúanas directamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.–Por en coñecemento da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello na primeira sesión que celebren a presente Resolución e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

En Zas, a 26 de xuño de 2019.

O alcalde

Manuel Muíño Espasandín

2019/5255